


MAIO DE 2020
www.oqueleo.com

Ler é un bo plan!

oqueleo

Nº 1



oqueleo



Peluche, pixama, un conto e para a cama!

Sabías que aos teus bonecos tamén lles gusta que lles conten un conto antes de ir durmir?

- Trata de **buscar** un tema que lles interese ás túas peluches.
- **Inventa** unha historia con principio, nó e desenlace.

Lembra describir as e os personaxes, e os lugares en que sucede a historia.

- **Conta** o conto, con boa entoación e dramatizando as escenas.
- Se queres **facer un libro** con esta historia, só tes que mirar unhas páxinas máis adiante. Explicámosche como realizalo dun xeito moi sinxelo e divertido.

1

**Sentes como roncan
os teus bonecos?**





Eu libro


Poderás escribir un libro en que o libro sexas ti mesmo e as túas emocións.

Precisamos:


- 1 folio
- Tesoiras
- Bolígrafo
- Rotuladores e lapis de cores
- Grampadora

1. **Dobra** o folio pola metade en sentido vertical. Volve dobralo (desta vez en horizontal) e corta os bordos pola parte máis estreita.
2. **Grampa** pola parte máis larga.
3. **Debuxa** nunha das tapas medio corpo e **recórtao**.

2



Cada dobre páxina representará unha emoción distinta (**alegría, enfado, tristura...**). Nun lado do noso libro estará a expresión; no oposto, as sensacións que provoca en ti esa emoción.



**Cantos máis folios poñas,
máis historias e emocións
poderás contar.**





Probando, probando...

Vas ver que sinxelo é improvisar un conto. Deixa que te guíen as tarxetas.

Precisamos:


- Caixa de cartón de cereais ou galletas
- Tesoiras
- 3 bolsas
- Rotulador

1. **Corta** sesenta tarxetas reciclando caixas de cartón de cereais ou galletas.
2. **Xúntaas** en tres grupos de vinte tarxetas cada un. No primeiro grupo escribe substantivos; no segundo, verbos; e no terceiro, adxectivos.
3. Pon todas as tarxetas **boca abaixo** ou cada grupo dentro dunha bolsa.

3

A actividade consiste en ir **collendo** unha tarxeta de cada tipo de palabra e **contar** un conto que inclúa as tres que che tocasen nas tarxetas. Se queres que todo isto quede para a **posteridade**, podes escribilo, e mesmo gardalo, para que forme parte da túa biblioteca. A continuación, explicámosche como facelo.

Prepárate para crear contos imposibles e disparatados!





Sabes cales son as partes dun libro e que función teñen?

Cuberta: é a cara do libro.

Lombo: carga todo o peso e axúdanos a dar con el na librería.

Sobrecuberta ou camisa: viste a cuberta con elegancia.

Lapela: son as pestanas que envolven a cuberta con información extra.


Páxinas ou tripas: onde habitan as aventuras.

Faixa: cingue a súa cintura con datos fascinantes.

Portada: lémbrache o título do libro que elixiches.

Garda: une a cuberta coas tripas do libro (as páxinas).

Páxina de cortesía: pode estar en branco ou incluír unha dedicatoria da escritora ou escritor.






Quero falar do libro de meu!

Por iso, imos explicarche como facelo para que despois lles poidas falar del a todas e todos os teus coñecidos.

- **Páxinas.** Escribe a túa historia en folios e, logo, grámpaos.
Olo, escribe con boa letra!
- **Ilustracións.** Podes achegar os teus debuxos, colaxes...
- **Páxina de cortesía.** Aquí escribirás unha dedicatoria e mais asinarás.
- **Encadernado.** Suxeita a cuberta de cartón ás páxinas que fixeches con folios, grammando ou poñendo chatolas de arquivador.
- **Cuberta, contracuberta e lombo.**
Convidámosche a facelos reciclando un cartón.

As medidas da peza serán un pouco máis grandes do dobre da páxina do libro, para que así o cartón cubra a primeira e a última páxina do teu manuscrito.



5

Non esquezas decoralos de maneira atractiva. Este será un dos segredos do éxito do libro.





Chocolate rima con aguacate

Esta sobremesa é deliciosa, rápida e... moi saudable!

Precisamos:

- 1 aguacate
- 1 plátano
- 80 gramos de chocolate para fundir
- 3 culleradas de mel
- 3 culleradas de leite
- Galletas (máis ou menos segundo sexa o seu tamaño e o do recipiente en que imos servir a nosa sobremesa)

1. **Funde** o chocolate coas 3 culleradas de leite.
2. **Monda** o aguacate e mais o plátano, e esmágaos cun garfo ata formar unha especie de crema.
3. **Engádelle** o chocolate fundido e o mel á crema de aguacate e plátano, mesturándoo todo ben.
4. **Parte** as galletas (as que máis che gusten) en anaquiños e distribúeas en vasos pequenos ou en copas.
5. **Bota** por riba a crema e, sobre ela, **outra capa** de galletas en cachiños.

6

**Esta sobremesa
é un poema!**





Autora

Inés Burgos

Ilustración da cuberta:
Teresa Bellón

do libro

A vaca dixo mua

(Oqueleo, 2017)